MEMORIA

CARPETA **05.CAT**

APROBACIÓN INICIAL do Plan Básico Municipal do Concello de San Xoán de Río

Febreiro 2021

XUNTA DE GALICIA

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:34

CVE: fyT1tDEOu1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

ÍNDICE

CATÁLOGO

PARTE I. DESCRITIVA

1. RELACIÓNS DE ELEMENTOS CATALOGADOS 3

PARTE II. XUSTIFICATIVA

2. CRITERIOS DE CATALOGACIÓN E PROCESO DE OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN 5

3. NORMATIVA APLICABLE 6

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:34

CVE: fyT1tDEOu1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

PARTE I. DESCRITIVA

1. RELACIÓNS DE ELEMENTOS CATALOGADOS

Os elementos catalogados do patrimonio cultural e natural e os seus contornos de protección que afectan ó Concello son os identificados no PBA, incluíndo tamén o BIC da Ribeira Sacra, nas súas diferentes categorías do patrimonio cultural, do seguinte xeito:

- Paisaxístico (PAI): 1 Ben de Interese Cultural (BIC) identificado dentro do municipio, correspondente coa paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Non foi identificado ningún outro elemento desta tipoloxía en concellos limítrofes cuxo contorno de protección ou zona de amortecemento afecte ao municipio de San Xoán de Río.

- Arqueolóxico (ARQ): 10 elementos identificados dentro do municipio, sen ningún outro elemento desta tipoloxía en concellos limítrofes cuxo contorno de protección ou zona de amortecemento afecte ao municipio de San Xoán de Río dentro do termo municipal.

- Arquitectónico (ART): 14 elementos arquitectónicos dentro do termo municipal. Ademais, existe un elemento desta tipoloxía no concello de A Pobra de Trives con contorno de protección dentro do termo municipal.

Os listados de bens preséntanse nas seguintes táboas.

Táboa 1. Elementos do patrimonio cultural de tipo paisaxístico.

TIPO PAISAXÍSTICO (PAI)				
Código PBM	**Nome**	**Clasificación**	**ID BIC**	**Parroquia**
1-001	Ribeira Sacra	Ben de interese cultural	BIC.000.697-o	Vilardá (Santa María)

Táboa 2. Elementos do patrimonio cultural de tipo arqueolóxico.

TIPO ARQUEOLÓXICO (ARQ)					
Subtipo	**Código PBM**	**Nome**	**Código GA**	**Parroquia**	**Lugar**
Asentamento fortificado	2.1-001	Castro das Medoñas / As Abelairas	GA32070001	Castrelo (Santa María)	Casdequille
	2.1-002	Castro da Portela*	GA27052018	Seoane de Argas (San Xoán)	Sanfitoiro
	2.1-003	A Pena dos Castros	GA32070002	San Xoán de Río (San Xoán)	Mouruás
Mina	2.2-001	Explotación mineira dos Biocos	GA32070009	Cabanas, As (San Paio)	O Xunquedo
	2.2-002	Explotación mineira das Medas / Os Medos	GA32070006	Medos (Santa Mariña)	Medos
	2.2-003	Explotación mineira da Medorra / O Rudo / As Ribadas	GA32070008	Seoane de Argas (San Xoán)	As Ribadas
Mámoa	2.3-001	Mámoa das Mamas 1	GA32070003	Vilardá (Santa María)	Cambela
	2.3-002	Mámoa das Mamas 2	GA32070004	Vilardá (Santa María)	Cambela
	2.3-003	Mámoa de Areal 1	GA32070005	Vilardá (Santa María)	Cambela

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:34

CVE: fyT1tDEOu1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Petróglifo	2.4-001	Petroglifo da Pena Raxa 1	GA32070007	Cerdeira (Santa María Madanela)	Cerdeira

**Elemento tamén pertencente ao concello de Ribas de Sil.*

Táboa 3. Elementos do patrimonio cultural de tipo arquitectónico

TIPO ARQUITECTÓNICO (ART)				
Subtipo	**Código PBM**	**Nome**	**Parroquia**	**Lugar**
Relixioso	3.1-001	Igrexa das Cabanas (Parroquial de San Paio)	Cabanas, As (San Paio)	A Airexa
	3.1-002	Igrexa de Castrelo (Parroquial de Santa María)	Castrelo (Santa María)	O Pereiro
	3.1-003	Igrexa de Cerdeira (Parroquial de Santa María Madanela)	Cerdeira (Santa María Madanela)	Cerdeira
	3.1-004	Igrexa de Medos (Parroquial de Santa Mariña)	Medos (Santa Mariña)	Medos
	3.1-005	Igrexa de San Silvestre de Argas (Parroquial de San Silvestre)	San Silvestre de Argas (San Silvestre)	San Silvestre
	3.1-006	Igrexa do Campo (parroquial de San Xoán de Río)	San Xoán de Río (San Xoán)	O Campo
	3.1-007	Igrexa de San Xurxo (Parroquial de Santa María da O)	San Xurxo (Santa María da O)	Pacios de San Xurxo
	3.1-008	Igrexa de Seoane de Argas (Parroquial de San Xoán)	Seoane de Argas (San Xoán)	Seoane
	3.1-009	Igrexa de Vilardá (Parroquial de Santa María)	Vilardá (Santa María)	Vilardá
	3.1-010	Capela de Santiago do Monte en Cima da Vila	Castrelo (Santa María)	Cima de Vila
	3.1-011	Capela de San Antonio de Domecelle	San Xoán de Río (San Xoán)	Domecelle
	3.1-012	Capela de Santiago de Mouruás	San Xoán de Río (San Xoán)	Mouruás
	3.1-013	Capela de San Miguel	San Xoán de Río (San Xoán)	San Miguel
Civil	3.2-001	Ponte Navea*	San Xoán de Río (San Xoán)	A Ponte Navea

**Elemento tamén pertencente ao concello de A Pobra de Trives.*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:34

CVE: fyT1tDEOu1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

PARTE II. XUSTIFICATIVA

1. CRITERIOS DE CATALOGACIÓN E PROCESO DE OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN

O PBM, conforme ás disposicións legais aplicables, identifica e cataloga os elementos do patrimonio cultural e natural do concello de San Xoán de Río.

Táboa 4. Resumo dos elementos que constitúen o Catálogo do PBM

Tipo de elemento	Nº elementos PBM	Nº elementos en concellos limítrofes*	Afeccións
Paisaxístico (PAI)	1	0	Delimitación da paisaxe cultural e zona de amortecemento e
Arqueolóxico (ARQ)	10	0	Delimitación e contorno de protección
Arquitectónico (ART)	14	1	Delimitación e contorno de protección

*Con contorno de protección dentro do municipio de San Xoán de Río

Para o proceso de catalogación anteriormente sinalado tomouse en consideración o Catálogo do PBA, así como o BIC da Ribeira Sacra. Foron realizados algúns cambios no que se refire á localización de determinados elementos. A “Ponte de Navea” é considerada pelo PBA como un elemento pertencente ao concello de A Pobra de Trives, pero foi comprobado que tamén pertence ao concello de San Xoán de Río.

Tal como se indica na táboa 4, considerouse un elemento que, estando localizados en concello limítrofe, posúe contorno de protección ou zona de amortecemento que afecta ó concello de San Xoán de Río. Concretamente se refire a un elemento arquitectónico a “Capela da Encarnación ou da Orde de Malta na Ponte”, situada no concello limítrofe de A Pobra de Tribes. Este elemento tomouse en conta á hora de grafar o seu contorno de protección, pero non ten unha ficha individual no Catálogo do PBM. O seu contorno de protección foi trazado de acordo á delimitación xenérica de 100 metros establecida pola LPG para este tipo de elementos, xa que ao ficar fora do concello San Xoán de Río non se fixo, como no resto, o estudo pormenorizado del, e por outra banda, as Normas Subsidiarias de Pobra de Trives non o inclúen no seu Catálogo, e polo tanto non se puido tomar como referencia.

A delimitación dos demais bens e dos seus contornos de protección foron definidos polo equipo redactor baixo os seguintes criterios:

Os elementos arqueolóxicos foron delimitados conforme á información facilitada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Para os contornos de protección tomouse como referencia a distancia xenérica de 200 metros establecida pola LPG, estudándose nese ámbito, a topografía, os usos, os campos visuais, as edificacións existentes, etc., e a súa incidencia sobre o elemento, para a súa posterior definición de forma individualizada, adaptándose ao parcelario ou pegadas físicas existentes.

No caso dos elementos arquitectónicos, as súas delimitacións fanse coincidir normalmente cos límites da parcela na que se atopa o ben, se ben, nalgún caso, cando o elemento non conta con parcela propia ou esta é moi grande, utilizáronse límites físicos. Para os contornos de protección tomouse como referencia a distancia xenérica de 100 metros establecido pola LPG, estudándose nese ámbito, a topografía, os usos, os campos visuais, as edificacións existentes, etc., e a súa incidencia sobre o elemento, para a súa posterior definición de forma individualizada, adaptándose ao parcelario ou pegadas físicas existentes. Naqueles elementos cuxas delimitacións están entre o concello de San

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:34

CVE: fyT1tDEOu1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Xoán de Río e outros limítrofes, os seus contornos de protección tan so se estableceron no ámbito territorial deste PBM.

Por último, no concello de San Xoán de Río atopase un elemento de tipo paisaxístico, a Ribeira Sacra, clasificada como un ben de interese cultural, na categoría de paisaxe cultural, conforme ao disposto no Decreto de 166/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba a delimitación do mesmo, afectando tamén ó concello a súa zona de amortecemento, na que se localizan catro elementos catalogados: Mámoa das Mamas 1 (2.3-001), Mámoa de Mamas 2 (2.3-002), Mámoa de Areal 1 (2.3-003) e a Igrexa de Vilardá (3.1-009), todos eles na parroquia de Vilardá.

2. NORMATIVA APLICABLE

Os ámbitos afectados por bens protexidos, así como os seus contornos de protección e áreas de amortecemento, están grafados nos correspondentes planos de ordenación e nas fichas do Catálogo e proceden da aplicación directa da lexislación sectorial, que inclúe as seguintes normas:

- Lei 16/1985 do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

- Real Decreto 111/86, de 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da lei 16/1985, de patrimonio histórico.

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.

- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os “hórreos” ou “cabazos” antigos existentes en Asturias e Galicia.

- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.

- Decreto 798/197 1, do 3 de abril, polo que se dispón que nas obras e nos monumentos e conxuntos histórico-artísticos se empreguen no posible materiais e técnicas tradicionais.

- Decreto do 22 de Abril de 1949, sobre protección de castelos españois.

- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

- Decreto 166/2018, de 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural ó paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:34

CVE: fyT1tDEOu1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve